



Invocación a San Xoán Bautista do alcalde

Santo patrón, durante un intre todo acontece, derrámase por dentro a suor fría ao vérmonos no alto da montaña. Sei que a viaxe foi un xeito de contar coa túa axuda e comprensión pero sei tamén que nesta ocasión mallamos o noso amor por Carballo como se mallaba na eira o trigo facendo brotar as dalias e as roseiras.

Nas beiras do Anllóns medra o río que quere abastecer as fontes todas e que busca protexernos e darnos vida como as augas do Xordán. E os ríos tamén desexan medrar para tempos de fartura que anegan vales e terras, e nós queremos que non se esgoten e sigan mansos e procure a felicidade de quen vive ao seu carón.

Con estes prados do río da nosa aldea, húmidos e pesados, pisados demasiadas veces, farase un río novo para novas e esperanzadoras lembranzas.

Seguiremos traballando a terra e ese mar que se unen en nós, procurando sempre a mellora e agardando os seus froitos, bebendo das mans de todos os oficios, construíndo un futuro de xustiza que permita o agarimo de quen queremos, protexer a quen o precisa, construír en cada chanzo de existencia o poder acompañar a quen sofre e superar a total crueldade do momento no que precisamos axudar a compartir a dor, porque no repertorio da vida, ser feliz é a única peza importante.

Os nosos eidos son de pan sen fronteiras, nas que se escoita a voz que nos arroulou e acalmou cos seus abrazos noite e día, e procuramos amigos con quen compartir a alegría da túa festa e botaremos bágoas ao non escoitar as voces que foron formando a membrana dos nosos sentimentos.

Todos camiñamos a mesma terra e respiramos o mesmo ar, todos compartimos o mesmo desexo de vivir con dignidade a pé de quen queremos, e por eso pedimos nesta humilde ofrenda, que acollas a toda a nosa xente e comprendas que precisamos a túa cuncha protectora. Acolle un a un, ti que es o Bautista, de sermos quen de atopar o camiño no que calquera de nós teña a dignidade do esforzo no labor escollido, acollendo aos nosos traballadores e empregados, ás xentes do comercio e mais da industria, de todos os oficios e todos os saberes, en todos os lugares e todas as estradas porque somos xente comprometida e traballadora, alegre e solidaria, que constrúe e se indigna para que nos sintamos orgullosos desta terra sempre xenerosa.

Grazas polo que levamos feito e perdóanos cando non deamos atinado nas decisións porque día a día queremos construír en paz e con xustiza un futuro de dignidade que pedimos e agradecemos outro ano máis.

Evencio Ferrero, Alcalde de Carballo



A XANELA SEMANAL

Hoja parroquial de la Unidad Pastoral de Carballo



¡BENDITO Y ALABADO SEA EL SANTÍSIMO SACRAMENTO DEL ALTAR!

Hemos celebrado con fe y devoción las Fiestas Patronales. El día más importante fue la Fiesta del Santísimo Sacramento con Misa solemne y la Procesión por las calles, con adoración en los altares de la Gran Vía, Cervantes y a Braña, y su bendición a todo Carballo. .Realmente fue un homenaje público a Jesús Sacramentado, y testimonio de nuestra fe en la presencia real de Jesucristo en la Eucaristía.

Por eso con el canto popular "Alabado sea el Santísimo Sacramento del altar", queremos dar gracias al Señor por quedarse con nosotros en la Eucaristía como amigo y alimento, como pan de la vida en la Comunión y como viático para la hora de nuestro tránsito.

Y dar gracias a todos los devotos que habéis colaborado y participado en las fiestas y en las Procesiones, manifestando públicamente la fe.

Agradecer también a cuantos al paso de Procesión se pusieron de pie en las terrazas en señal de fe y respeto.

Gracias a todos los que participaron y colaboraron en las celebraciones: al Sr. Alcalde por la invocación al Patrón (que publicamos en la pág. 4), a la Policía Local, a los 30 funcionarios que mostraron su fe cumpliendo sus promesas, a los devotos que portaron el Palio y la carroza con el Santísimo, a los vecinos que un año más colocaron los altares, a la Coral de Bergantiños... Un agradecimiento especial a la FLORISTERIA TAIBO por el hermosos adorno floral del altar de la Iglesia .

Gracias a todos. Que el Señor nos conceda poder celebrarla el próximo año con fe, vida y salud.

Que sigamos participando en la Santa Misa cada domingo y visitando a Jesús Sacramentado. Está abierta la Iglesia durante todo el día y los jueves está el Santísimo expuesto desde la Misa de las 8,30 de la mañana.

Que el Señor os bendiga y recompense.

Bo verán para todos!



A páxina de D. Xosé Pumar

Vía Céltica. Os Camiños de Santiago por Santa Comba - II



Porto Mouro coas súas pontes sobre o Tambre e o Dubra, aparece como lugar preferente no camiñar dos peregrinos. Mesmo se defende que a mansión Ad Duos Pontes da Vía XX é Porto Mouro. Así tamén que tal ponte é a que aparece derrubada tras o paso dos discípulos que viñan de Duio para solicitar autorización para o enterramento do Corpo do Apóstol. Isto segundo é unha novidade para quen escribe este comentario. Negreira leva no seu escudo esa ponte derrubada. Estaba en Viceso sobre o Tambre.

Se os discípulos da fermosa lenda voltaban cara Padrón e ó Castro Lupario coa autorización obtida en Duio parece que cruzar o Tambre faríase máis doado por Negreira – Viceso ca por Porto Mouro.

Se os discípulos da fermosa lenda voltaban cara Padrón e ó Castro Lupario coa autorización obtida en Duio parece que cruzar o Tambre faríase máis doado por Negreira – Viceso ca por Porto Mouro.

“Ad Duos Pontes”, asegúnanos os autores de nota, é Noia (antes sita no lugar que hoxe chaman Barquiña), vila equidistante do Tambre e do Tállara, coas súas respectivas pontes.

No pasado Ano Santo, veciños de Fisterra – Muxía marcaron con frechas marelas o seu Camiño que, saíndo da Catedral, baixando por Rúa das Hortas, Vidán, vai a Ponte Maceira.

Sentimos particular afecto polo Camiño que cruza o Sarela na Ponte dos Sapos, sube polo Pedroso, vai a Fonte Coba, pasa pola chamada Canteira da Catedral (alí arrincaron a pedra para o Obradoiro e para o románico do gran monumento), Figueiras, Brins, Ameixenda, O Roxido, Porto Mouro.

Este camiño transitou no seu tempo, e así puido contemplar os Altos de Portomouro.

No 1.909 os P.P. franciscanos erixiron os cruceiros do Vía Crucis, que recorrían en Semana Santa. “Xa antes, no 1.667, a Venerable Orden Terceira erixira o Vía Crucis. Algunhas cruces aproveitadas en 1.909”. O Cardeal Martín de Herrera indulxenciou o rezo do Credo, orando, vendo este cruceiro.

Mil parabéns ós autores e ó culto compañeiro Pontes García, coñecedor excepcional da comarca.

Ocórreseme pensar que os peregrinos que desembarcasen en Caión ou Malpica, ademais de ter o Camiño por Céltigos, tiñano tamén, penso que máis preto, vindo por Carballo, Val do Dubra, Porto Mouro. Non terían así que subir ó altiplano do Xallas.

Agradecemos a ampla información sobre as vicesitudes pasadas no tempo pola obra arquitectónica da Ponte de Portomouro. A que vemos hoxe é de 1.891, ancheada no 1.992.

SIGUEN LAS FIESTAS

En Cances: Este fin de semana San Pedro e o Santísimo Sacramento.

En Ardaña: Este fin de semana se celebran las fiestas de San Antonio y el Santísimo Sacramento

En Lema: Lunes 10 y martes 11: Fiestas patronales a San Cristóbal y al Santísimo Sacramento

En la Capilla da BREA: Sábado día 8, a las 13,30 Misa en honor del Perpetuo Socorro. Domingo día 9, a las 13,30 Misa solemne en honor de San Antonio y bendición del pan.

NOVENA DEL CARMEN EN SÍSAMO

El próximo domingo día 9 comenzará la Novena a Nuestra Señora del Carmen en Sísamo, preparatoria para la Fiesta, que celebraremos el domingo día 16. Será a las 21:00 hs.

Durante estos días, al terminar la Novena también se celebra la Semana cultural que organiza a Asociación Cultural o Candil.

APÚNTATE PARA ADORAR AL SEÑOR UNA HORA.

Como propósito de la Fiesta del Santísimo Sacramento, invitamos a todos los feligreses a reavivar la devoción y el amor a Jesús Sacramentado. Para ello proponemos :

1. VISITA AL SANTÍSIMO: La Iglesia esta abierta durante todo el día.

Acércate un momento a visitar al Señor.

2. ADORACIÓN EUCARÍSTICA: Todos los jueves está el Santísimo expuesto durante todo el día. Los martes también hay Exposición del Santísimo en la Capilla de la Milagrosa de 6 a 7 tarde.

3. ADORACIÓN NOCTURNA: Este jueves día 6, y los primeros jueves de cada mes tenemos Vigilia de Adoración al Santísimo desde las 20,00 hasta las 22,00 hs.

“Ten la seguridad de que de todos los instantes de tu vida, el tiempo que pases frente al Divino Sacramento será lo que te dará más fuerza durante la vida, más consuelo en el momento de la muerte y durante la eternidad”. (San Alfonso María de Ligorio)

FUNERALES

Lunes, día 3: 20,30h 1º aniversario por Sergio Bermúdez Rodríguez

Viernes, día 7: 20,30hs 1º aniversario por Manuel Trigo Queijo

Viernes, día 7: 21,00hs 12º aniversario por José Rama Rey y su hijo José Antonio